



O teu Concello infórmate

Cando empeza o novo ano 2015, Paderne está preparado para asumir as súas responsabilidades.

Si xa fomos exemplo para outras administracións cos nosos datos de endebedamento, e xa contribuímos co noso superávit a acadar os obxectivos de déficit do noso país, agora volvemos a ser o exemplo cos 25 días de media que tardamos en pagar ós nosos provedores; unha cifra que está por debaixo do prazo fixado polo goberno de España.

Os padernenses debemos sentirnos orgullosos de que o noso Concello, gracias ó traballo feito con responsabilidade, non deba nada a ninguén, pague as súas facturas antes do prazo legal establecido e peche as súas contas con superávit; todo sen deixar de atender as nosas necesidades básicas.

Si aportamos o noso esforzo para tratar de que o país se recupere economicamente, debemos traballar tamén para conseguir a recuperación da credibilidade das Administracións públicas.

Soamente podemos conseguilo con honestidade e traballo ben feito.

O Alcalde e o Equipo de Goberno, coa cercanía dos nosos veciños e o coñecemento que tedes do que somos e poseemos, debemos ser a canle para recuperar a confianza na política.

As nosas contas, as contas do Concello, din que o fixemos ben. É o momento de dar valor tamén ós nosos feitos e actitudes.



O voso Alcalde

Festa de Nadal

Os pequeniños das escolas de Educación Infantil de Paderne recibiron a visita anticipada de Papá Noel nunha festa que o Concello lles organizou o pasado día 17 de decembro na que participaron tamén, invitados polo Alcalde, os nenos e nenas que aínda non se incorporaron ás escolas. Estivo presentada polos Concelleiros de Cultura e Deportes e o Concelleiro de Facenda e nela tódolos nenos puideron entregar as súas cartas e recibiron un agasallo.

Xornada viticultura, emprendemento e paisaxe

O pasado 18 de decembro o Alcalde clausurou a Xornada "VITICULTURA, EMPRENDEMENTO E PAISAXE", na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Dirixida a viticultores do territorio, alumnos do Programa Integrado Biosfera-Emprega e ao público en xeral, contou coa intervención das adegas de "Viño da Terra de Betanzos"

Concertos de Nadal e Fin de Ano

Como remate da programación cultural do ano, realízanse os concertos cos que o Alcalde felicita as festas ós veciños. Celebráronse os días 22 e 29 de decembro. Neles, Federico Álvarez e Mijail Moriatov, tocaron un variado repertorio no que estaban incluídas pezas de música clásica ata outras máis actuais e coñecidas por todos.

Cabalgata de Reis

Foi o día 4 de Xaneiro cando as Súas Maxestades chegaron a Paderne. O Alcalde, acompañado polo seu Equipo de Goberno, recibiuunos na Casa do Concello antes do seu percorrido por tódalas parroquias. Ás 19:00 h fixeron a entrada no polideportivo municipal donde tiveron lugar os actos programados para esta celebración no transcurso da cal o Alcalde, xunto cos Concelleiros de Cultura e Deportes, entregou os premios ós nenos e nenas que participaron no concurso de debuxo e fotografía.

O Alcalde recibindo ás Súas Maxestades na chegada ó polideportivo municipal



Aulas de Conciliación

Nestas vacacións de Nadal as familias de Paderne con menores de entre 3 e 12 anos, contaron novamente coas Aulas de Conciliación; un servizo gratuíto que o Concello pon á súa disposición co fin de facilitarlles a conciliación da vida laboral e familiar.



Excursión á Casa do Patrón e ó Pazo de Liñares

A primeira saída de este ano realizouse o día 11 de xaneiro ó municipio de Lalín para visitar o maior museo etnográfico de Galicia coñecido como a Casa do Patrón que exhibe máis de 4.000 pezas de toda a xeografía galega agrupadas por temáticas reproducindo as antigas escolas, os oficios tradicionais, unha taberna, un forno e a forxa; tamén se visitou o Pazo de Liñares no que recentemente se inaugurou o museo do títere.

Algúns dos asistentes, xunto co Alcalde, recibindo explicacións sobre os contidos nun dos edificios da Casa do Patrón

Orzamento Municipal 2015

Suprímese, neste orzamento, o Capítulo 9 relativo a préstamos e a amortización de operacións de crédito por non ter contraído o Concello **ningún tipo de débeda**.

Cumprindo así, estes orzamentos, coa estabilidade orzamentaria, regra de gasto e o límite de débeda. Todo isto, sen deixar de atender as necesidades básicas dos veciños: alumeadado, obras, mantemento de servizos, limpeza viaria, recollida do lixo, así como as actividades culturais, deportivas, promoción económica e servizos sociais.



O Alcalde e o Concelleiro de Facenda

INGRESOS: 1.328.915,48 euros

- Capítulo 1.- Impostos directos: 277.734,87 euros
(Proceden do Imposto sobre bens inmobles de natureza Rústica e Urbana, Imposto sobre actividades económicas e Imposto de Vehículos)
- Capítulo 2.- Impostos indirectos: 20.500 euros
- Capítulo 3.- Taxas e outros ingresos: 188.372,25 euros
(Proceden da Expedición de documentos, Licencias de apertura de establecementos, Recollida de Lixo, Alcantarillado, Auga, Fenosa e Telefónica)
- Capítulo 4.- Transferencias correntes: 756.800 euros
(Participación nos Tributos do Estado, compensación pola perda do IAE, subvencións de carácter repetitivo da Xunta e Deputación)
- Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais: 100,00 euros
(Intereses das contas bancarias)
- Capítulo 6.- Enajenación de inversións: 100,00 €
- Capítulo 7.- Transferencias de capital: 82.303,30 euros
(Subvencións de Xunta e Deputación destinadas a investimentos)
- Capítulo 8.- Activos financeiros: 3.005,06 euros
(Reintegros de persoal dos préstamos concedidos)

GASTOS: 1.251.515,48 euros

- Capítulo 1.- Gastos de persoal: 419.976 euros
(Comprenden as retribucións a tódolos traballadores do Concello, incluídos os subvencionados polos distintos Organismos Públicos)
- Capítulo 2.- Gastos en bens correntes e servizos: 710.231,12 euros
(Son os considerados necesarios para o mantemento dos servizos: luz, teléfono, combustibles, limpeza, calefacción, alumeadado público, recollida do lixo, seguros, gastos de oficina, correos...)
- Capítulo 3.- Gastos financeiros: 1.000,00 euros
(Pago de intereses a bancos)
- Capítulo 4.- Transferencias correntes: 5.200,00 euros
- Capítulo 6.- Inversións reais: 112.003,30 euros
(Inversións en obras, infraestruturas, alumeadado público)
- Capítulo 7.- Transferencias de capital: 100,00 euros
- Capítulo 8.- Activos financeiros: 3.005,06 euros
(Préstamos ó persoal)

Actividades na Aula da Ría

A Consellería de Medio Rural e do Mar, co cofinanciamento do Fondo Europeo de Pesca, ven de conceder ó Concello de Paderne unha axuda para o proxecto "Paderne e a Cultura Mariñeira", dentro do Grupo De Acción Costeira GAC 2-Golfo Ártabro, do que o Alcalde é o Vicepresidente.

O proxecto, cun importe total de **14.058,09 €**, a executar en dúas anualidades, 2014 e 2015 obtivo unha porcentaxe de subvención do 95%.

O seu obxectivo é o desenvolvemento dun programa educativo na "Aula da Ría de Betanzos", para tratar de chegar a toda a poboación e consolidala como un recurso turístico importante para Paderne e os concellos limítrofes, na que se fomenten os valores culturais e naturais asociados á Ría de Betanzos, difundindo o patrimonio marítimo e a cultura mariñeira e tratando de facer partícipe en todo momento aos veciños.

Os contidos deste programa de actividades son os seguintes:

- 1.- Unidade didáctica con contidos sobre o entorno da Ría, o medio natural, especies e usos.
- 2.- Actividades por grupos de idade
 - Actividades para as Escolas de Educación Infantil
 - Actividades para Educación Primaria e Secundaria
 - Actividades para a poboación en xeral nas que estarían incluídos roteiros desde a Aula da Ría ó Observatorio Ornitolóxico
- 3.- Recompilación de fotografías antigas en torno á ría
- 4.- Desenvolvemento do Blog: **www.auladaria.blogspot.com.es**
- 5.- Actividades de piragüismo e vela para rapaces de 3 a 16 anos en grupos de 15



Programas de Cooperación

Segundo a Orde do 23 de decembro de 2014 para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación da Consellería de Traballo e Benestar, o Alcalde ven de realizar unha solicitude conxunta co Concello de Bergondo para a contratación dun técnico informático e un traballador forestal que prestarán servizo nos dous municipios de maneira proporcional.

Tamén e segundo esta Orde, o Concello ven de solicitar para servizo propio, financiamento para realizar as seguintes contratacións:

- **5 peóns** para a realización de obras de mantemento da rede de abastecemento e saneamento
- **2 auxiliares de axuda no fogar**
- **1 socorrista**

Subvención Nominativa da Deputación

O Alcalde ven de asinar un Convenio co Presidente da Deputación da Coruña a través do cal o Concello vai a recibir unha achega de **90.000 €** para a realización de melloras na rede viaria das parroquias de **Adragonte, Vigo, Quintas, Velouzas e Viñas**.

As obras consistirán no afirmado de camiños, limpeza de cunetas e colocación de tubaxes de formigón para a recollida de pluviais.

Os camiños que se van a beneficiar destas melloras son o **camiño da Sequeira, camiño de Ambroa, camiño da Esfarrapa, camiño do Batán, camiño de Lambre a Borrillos, camiño de Ponte do Porco a Hormeiro** e, no viario entre a estrada de **Ponte do Porco e o cruce de Montecelo** colocarse unha **banda reductora de velocidade, nova sinalización e un sumidoiro transversal**.



O Alcalde e o Presidente da Deputación na sinatura do Convenio

Fondo de Compensación Ambiental

Vense de solicitar á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través do Fondo de Compensación Ambiental, unha axuda para a contratación de **dous traballadores** a xornada completa por un período de **6 meses** e así poder realizar traballos derivados do servizo de xestión da auga.

As funcións a realizar consistirán na ampliación do servizo municipal de abastecemento de auga.

Un servizo de gran importancia **para dotar á traída de novos usuarios**.

Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (P.D.R.)

No marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007- 2013 e en base á convocatoria de axudas para este ano 2015 cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), o Alcalde mandou tramitar a solicitude para a realización do proxecto de **MELLORA E REHABILITACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DE PADERNE**, por un importe total de **40.000 €**.

As obras consisten na reparación das deficiencias que, co paso do tempo, se foron presentando neste edificio e consistirán no cambio de ventás, limpeza e reparación da cuberta e o pintado interior das zonas afectadas polas humidades.

Renda de Integración Social de Galicia (RISGA)

Requisitos para solicitala:

- Estar empadroado en Paderne cunha antigüidade mínima dun ano
- Ter entre 25 e 65 anos
- Dispor duns ingresos inferiores á contía da prestación da RISGA que lle correspondería á persoa solicitante, e non dispor de bens que indiquen a existencia de medios suficientes.
- Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlle alimentos á persoa solicitante.

¿Onde pode solicitala?

Na departamento de servizos sociais do Concello

Excursión a Cantabria

Será os días **30 e 31 de marzo e 1 de abril** visitando **Santander**, o parque de **Cabárceno, Comillas**, as **Covas del Soplado** e **San Vicente de la Barquera**. Sairemos ás 7:00 da mañá da Casa do Concello co fin de chegar para comer ó Gran Hotel de **Suances**, de catro estrelas, no que nos hospedaremos.

A data límite para anotarse será o **26 de febreiro** aboando **40 €** en concepto de reserva de praza. O custe total da viaxe é de **180 €**; as persoas que non desexen compartir habitación, teñen a posibilidade de reservar unha individual con un custe engadido de 22 € noite.

O programa previsto é o seguinte:

1º día:

Saída ás 7:00 h da Casa do Concello en dirección Cantabria.

Chegada ó hotel, reparto de habitacións e comida.

Visita a Santander: Casino de Santander, parque da Magdalena onde poderemos darnos un paseo no Madaleno (o tren que percorre o parque), o Palacio da Magdalena e a Catedral.

2º día:

De mañá visitaremos o parque natural de Cabárceno (entrada incluída)

Despois da comida visitaremos Comillas e alí a Universidade Pontificia, o Capricho de Gaudí e o Palacio de Sobrellanos.

A continuación visitaremos Santillana del Mar coa Colexiata de Santa Juliana e a réplica das Covas de Altamira.

3º día:

Despois de almorzar visitaremos as Cuevas del Soplado (entrada incluída), referente mundial para a espeoloxía.

Comeremos de regreso preto de San Vicente de la Barquera.

Os dous días, despois da cea, poderemos bailar.

Balneoterapia

O Concello de Paderne ten previstas as seguintes saídas de balneoterapia ó balneario de Guitiriz para os vindeiros venres 30 de xaneiro e 27 de febreiro.

Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A saída da Casa do Concello será ás 9:30 e o regreso ás 13:30 h.

Os interesados teñen ata o martes anterior para solicitar a súa participación.

Entroido en Paderne

Tódalas persoas están invitadas a participar o vindeiro **18 de febreiro** na **Festa do Entroido** que se celebrará no campo de O Telleiro.

Ás 20:30 h comezará a celebración na que haberá, como tódolos anos, comida e bebida a base de produtos de Paderne, ademais de moitos disfraces e comparsas que animarán esta celebración.

Ás 21:00 h queimaremos o Entroido e, pouco despois, comezará o concurso no que haberá premios para os tres mellores, tanto na modalidade de grupos como en individuais así como un premio para a categoría infantil.

A música e os fogos artificiais non poden faltar nesta festa na que esperamos vervos a todos.